

BASES DE ACCESO AO PROGRAMA DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL
“NADAL 2025”

ARTIGO 1._ OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación no programa de Aulas Abertas de Nadal 2025 do Concello de Lugo, que se desenvolverán durante o periodo vacacional para as persoas menores do municipio.

Estas Aulas teñen a finalidade de facilitar a conciliación familiar durante o descanso escolar de Nadal para favorecer así a integración sociocomunitaria de todas as familias.

ARTIGO 2._ PERSOAS DESTINATARIAS

As Aulas Abertas están destinadas a nenas e nenos empadroados no Concello de Lugo nados entre os anos 2014 e 2021, debendo en todo caso ter os 4 anos cumpridos ou 11 anos como máximo na data de inicio da actividade solicitada.

ARTIGO 3._ LUGAR E PERIODO DE PRESTACIÓN

As actividades desenvolveranse nos centros de convivencia de Lamas de Prado, Maruja Mallo, Milagrosa e Paco Martín.

As datas das actividades de Nadal organizaranse en 2 quendas:

Días 22, 23 e 26 de decembro de 2025 (3 días)

Días 29, 30 de decembro de 2025 e 2 e 5 de xaneiro de 2026 (4 días)

O horario será das 8:30 ás 14:30 h.

ARTIGO 4._ NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS:

a) As Aulas Abertas ofertan un total de 80 prazas distribuídas por centro e quenda da seguinte maneira:

CC. LAMAS DE PRADO: 20 prazas/quenda

CC. MARUJA MALLO: 20 prazas/quenda

CC. MILAGROSA: 20 prazas/quenda

CC. PACO MARTÍN: 20 prazas/quenda

b) Terán prioridade:

SERVIZOS SOCIAIS

PRG/mpo

Refª: ASC_Nadal 2025

Asunto: Bases

b.1_ Persoas que perciban ingresos inferiores ao SMI (deberán asinar a Declaración responsable de capacidade económica, que se lles facilitará no momento de presentar a súa solicitude).

b.2_ Familias nas que ambos/as proxenitores se atopen en situación de alta laboral.

b.3_ Familias en situación de vulnerabilidade derivadas dos Servizos Comunitarios Básicos, a través do pertinente informe de derivación e valoración das técnicas responsables.

Esta porcentaxe non superará o 20% do total das prazas de cada quenda.

b.4_ Persoas con diversidade funcional, con discapacidade igual ou superior ao 33%, cando as súas necesidades especiais lles permitan beneficiarse e participar nas actividades que se van desenvolver.

A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente.

O persoal técnico de ASC municipal valorará o número de prazas reservadas en función da capacidade de integración no grupo, así como a idoneidade do grupo no que se inclúa.

Así mesmo, o persoal técnico de ASC resolverá os conflitos derivados da convivencia nas actividades de Nadal, conforme ao seu criterio razoado.

ARTIGO 5._ PRAZO DE SOLICITUDE:

5.1._ A presentación de solicitudes realizarase entre os días 9, 10 e 11 de decembro de 2025, ambos incluídos, nos centros de Lamas de Prado, Maruja Mallo e Milagrosa (para as inscricións correspondentes ao centro Paco Martín) no horario comprendido entre as 09:00 e as 13:00 horas. As solicitudes deberán estar asinadas pola nai, pai titor legal do menor.

5.2._ As solicitudes deberán ser asinadas pola nai, pai titor legal do menor e presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios establecidos nos artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/ 2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5.3._ No suposto de que transcurrido o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez publicada a listaxe de admitidos definitiva, continuaran quedando prazas sen cubrir, calquera persoa interesada que cumpra os requisitos establecidos poderá solicitar a participación nas Aulas Abertas.

ARTIGO 6._ REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

a) A persoa menor deberá estar empadroadada no Concello de Lugo

b) Ter idades comprendidas entre os 4 e os 11 anos cumpridos como máximo na data de inicio da actividade solicitada.

ARTIGO 7._ SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

a) Solicitud de participación nas Aulas Abertas nos centros de Lamas de Prado, Maruja Mallo e Milagrosa (as do propio centro e as correspondentes ao centro Paco Martín), ou polos medios indicados no apartado 5.2

b) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo.

c) No caso de pertencer a grupo en situación de vulnerabilidade, informe de derivación dos SS.SS. Comunitarios.

ARTIGO 8._ CRITERIOS DE SELECCIÓN

As prazas adxudicaranse por sorteo informático público, que se celebrará o día 12 de decembro, coa excepción das derivacións efectuadas polas técnicas dos servizos sociais comunitarios do Concello.

ARTIGO 9._ TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

A comprobación dos requisitos e do cumprimento dos criterios de selección realizarase polas Técnicas de Animación Sociocultural do Concello de Lugo.

ARTIGO 10._ LISTADO DE MENORES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

Os **listados de admitidos provisionais** saíran publicadas o día 15 de decembro. Unha vez comprobada a admisión, formalizarase o pago da cota entre os días 15, 16 e 17 de decembro, debéndose presentar o xustificante de pago no centro de convivencia correspondente.

As listas de admitidos definitiva publicaranse o 18 de decembro.

ARTIGO 11._ PREZO PÚBLICO

O importe da cota virá determinado pola Ordenanza municipal núm.403
Bonificación: 50% da cota para a/o segunda filla/o dunha mesma unidade familiar.
A/O terceiro filla/o dunha mesma unidade de convivencia quedará exenta do pagamento, previa xustificación e sempre e cando os ingresos da unidade familiar ou de convivencia non superen dúas veces o IPREM do ano 2024, salvo situacións socioeconómicas sobrevidas.

QUENDA	PERIODO	CONTÍA
DECEMBRO	Días 22, 23 e 26 de decembro de 2025 (3 días)	3,09 €

SERVIZOS SOCIAIS
PRG/mpo
Refª: ASC_Nadal 2025
Asunto: Bases

XANEIRO	Días 29 e 30 de decembro de 2025 e 2 e 5 de xaneiro de 2026 (4 días)	4,12 €